



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Anuncio de convocatoria de persoal directivo, docente e de apoio Obradoiro Empleo "EUME III"

ANUNCIO

Convocatoria do proceso selectivo para a contratación do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego "EUME III"

Expediente núm. 2021/E001/000014

Mediante Decreto núm. 1648/2021, do 4 de outubro, da Concellaría Delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, resolveuse a aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego "EUME III". O prazo de presentación de solicitudes é de tres (3) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP). A convocatoria e as bases publicaranse de forma íntegra no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

As solicitudes presentaranse única e exclusivamente na sede electrónica do Concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/>), ao abeiro do artigo 6.4.f) do Regulamento da administración electrónica municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez (BOP núm. 44, do 08/03/2021).

A solicitude xenérica para procedementos de persoal atópase no enlace <https://sede.aspontes.org/opencms/es/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersonal>

A presentación da solicitude de participación en papel (no Concello, nas oficinas de Correos ou a través do sistema SIR de calquera administración), dará lugar á exclusión da persoa participante.

As Pontes de García Rodríguez, 5 de outubro de 2021.

A concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2021/7211